

**“DIAGNOSE E POSICIONAMENTO SOBRE A
SITUACIÓN DAS POLITICAS DE PROTECCIÓN DE
INFANCIA, ADOLESCENCIA E FAMILIA EN GALICIA”**

Comisión de Infancia e Familia do COTSG



"A infancia é a etapa en que todo se constrúe. De aí a importancia dunha educación personalizada e de calidade".

Paulo Freire

#comisiondeinfanciaefamilia#traballosocial#proteccionainfancia#benestardomenor

1. INTRODUCCIÓN.

Ante a entrada en vigor da Lei Orgánica de Protección Integral á Infancia e Adolescencia fronte á violencia, logo da súa recente publicación, e tendo en conta a urxente necesidade de revisar a adaptar a normativa de referencia en Galicia á realidade actual, a **Comisión de Infancia e Familia do COTSG** vese na obriga de facer unha diagnose da situación real do Sistema de Protección da infancia e de ofrecer un posicionamento claro neste sentido, apostando, en primeira instancia, pola avaliación e modificación da lexislación existente.

A infancia e a adolescencia son etapas situadas en momentos concretos do desenvolvemento do ser humano, ás que se lles presupón capacidade limitada de actuación e toma de decisións polo seu estado evolutivo e de madurez, trasladando esta responsabilidade aos seus/súas titores/as legais, maioritariamente pais/nais, que tomarán as decisións máis axeitadas para o seu correcto desenvolvemento persoal.

Pero que ocorre cando as persoas proxenitoras están en situacións que dificultan ou limitan esta protección case primaria cara os/as seus/súas fillos/as? Falamos de situacións de sobra coñecidas: separacións conflitivas, situacións de maltrato, dificultades persoais ou de saúde, tanto física como mental, adiccións, historias traumáticas ou carentes de apego do/a pai/nai que non permiten un coidado idóneo cara os nenos/as e adolescentes...

É neste punto onde estas situacións se enmarcan dentro do que se considera risco ou desamparo. Nenos/as e adolescentes que se atopan en seguimento por parte dos SS.SS Comunitarios Básicos ou especializados, servizos desbordados (en maior medida trala crise socio-sanitaria actual), que deben tomar medidas de protección (decisións axeitadas ou non das administracións, persoal técnico e organizacións) separando en moitas ocasións ao/a menor do seu entorno familiar para que comecen nun auténtico traxecto de recursos, moitas veces sen lugar definitivo a onde chegar e coa conseguinte obstaculización do seu desenvolvemento vital.

Se repasamos a lexislación vixente, diríamos que a pesar de ter puntos febles, o ámbito que se legisla trata de chegar a que exista un corpo legal axeitado a onde recorrer, pero que como noutras ocasións leva a múltiples intervencións.

INTERNACIONAL:

Declaración dereitos do neno 1924
Declaración dereitos do neno 1959
Convención dereitos do neno 1989

EUROPEA

Carta europea da infancia 1992

ESTATAL

Constitución 1978
Código Civil 1889
Código penal 1995
Lei 1/96 protección xurídica do menor (coas modificacións das leis do 2015:
lei 8/2015 e 26/2015)

AUTONÓMICA GALEGA

Código Civil galego. Lei 2/2006 de 14 de xuño.
Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia.
Decreto 42/2000 refunde normativa en materia de familia, infancia e adolescencia.
Decreto 406/2003 do 29 outubro, polo que se modifica o Decreto 42/2000.
Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento.

O punto común e indiscutible (recollido de forma xeral pola lexislación) para os poderes públicos e para o persoal técnico é a garantía de medidas baseadas sempre no **INTERESE SUPERIOR DO/A MENOR**. É un principio que pode parecer moi xenérico pero nel deben establecerse todas as actuacións, intervencións, toma de decisións e resolucións que afectan á infancia e á adolescencia.

Hai outros principios, recollidos na Lei 1/96 de Protección Xurídica do Menor, que tamén son básicos para este interese, como a **preservación no seu entorno, a prevención e a detección precoz**.

Este interese, recoñecido tamén no artigo 2 da L.O 1/1996, implica que todos/as os/as profesionais, institucións, órganos lexislativos, tribunais...etc deben valorar o interese superior do/a menor en todas as accións e decisións que lle afecten, tanto no ámbito público como o privado, o cal será primordial, reflexando súa motivación nos informes técnicos, decisións e resolucións que se diten.

Nesa liña, a Lei galega, adxunta os principios de **intervención mínima** e de **proporcionalidade** para un maior logro dese interese superior do/a menor.

A diferente tipoloxía de familias existentes leva a que xurdan novos retos e formas de intervención con multitude de casuísticas, características e diversidades que obriga aos/ás profesionais a ter unha mente aberta, creativa, proactiva e co foco no/a principal protagonista, o/a menor de idade.

Os novos retos, sumados ás situacións máis habituais, provoca verdadeiros **dilemas éticos**. Conflitos entre o que as persoas adultas/gardadoras pensan ou fan e o que a lexislación indica. Entra en colisión a autodeterminación con situacións ata o de agora inexistentes ou pouco claras lexislativamente, levando moitas veces a que as persoas coidadoras tomen decisións en contra desa “norma” pola capacidade de toma de decisións que teñen cara os/as menores e adolescentes (por motivos relixiosos, culturais, ou outros agravantes engadidos como as adicións ou problemas de saúde mental).

É importante resaltar a situación na que se atopan os/as menores vítimas de violencia de xénero, recoñecidos/as nas leis 8 e 26 do 2015, que non fan máis que potenciar a necesidade dunha detección temperá das situacións de violencia nos fogares, polo que se debe potenciar a figura do/a traballador/a social neste senso nos SS.SS comunitarios, nos centros de saúde, centros educativos, ámbito policial e xudicial, e todos aqueles sistemas que poidan ser preceptivos de traballar no obxectivo de acabar con esta lacra social.

Tampouco se pode obviar neste sector de actuación o **ámbito educativo**. Coa mirada posta dende o traballo social e a un nivel máis ambicioso, queremos destacar a

importancia dun pacto de estado para unha lei de educación que sexa integral, funcional, integradora e apropiada para os tempos que corren, cunha visión centrada nos/as nenos/as como persoas de futuro que van ter que afrontar novos retos profesionais, quedando así os métodos actuais totalmente obsoletos. Unha lei na que participen todos os partidos, deixando á marxe as diferenzas, no anhelos de acadar que a educación se convirta na base do futuro da nosa cidadanía.

Finalmente, para implementar todas as medidas e cambios propostos, parellos ás necesidades detectadas, é importante **integrar a figura da/o traballador social tamén neste sistema** de protección para a prevención, detección e intervención nas diferentes situacións de risco que se están a producir nos centros educativos galegos, apostando pola efectiva coordinación entre este e o Sistema de Servizos Sociais, entre outros.

2. SITUACION ACTUAL.

A situación que actualmente esta Comisión percibe en canto ás deficiencias do Sistema de Protección á infancia e á adolescencia tivo coa pandemia unha maior exposición pública.

As situacións específicas ás que se viron sometidas as familias, sobre todo aquelas que se atopan en situación máis vulnerable, tivo como consecuencia a ubicación dos/as profesionais en situacións xa existentes e que viñan denunciando fai tempo pero que se agravaron co confinamento.

As/os profesionais do traballo social, trataron de estar á altura das circunstancias, recoñecidos/as como profesionais esenciais. Sen embargo, e a pesar de visibilizar as súas funcións, quedaron relegados/as nas debilidades que o Sistema xa viña arrastrando.

Porén, dende a **Comisión de Infancia e Familia** vimos detectando a través de contactos e entrevistas cos/as profesionais de atención e intervención directa e a propia experiencia das persoas compoñentes da Comisión, unha **serie de eivas** que debemos trasladar:

- ✓ Titulacións non axeitadas para o eido do social e contratacións de profesionais sen experiencia nos equipos. Pérdese o senso do equipo interdisciplinar por

unha suma de profesións no que profesionais diferentes fan distintas tarefas (sectorización).

- ✓ Equipos de traballo pouco estables e funcións entre profesionais pouco definidas.
- ✓ Insuficiencia de persoal e non cobertura dos postos ante as diferentes baixas que xurden.
- ✓ Formación especializada escasa e baixa participación na existente.
- ✓ Pouca especialización e continuos cambios/rotacións dos/as profesionais.
- ✓ Ratios descompensados nos/as profesionais e nos equipos.
- ✓ Sobrecarga nas tarefas de tramitación e administrativas para o persoal técnico, funcións atribuídas a outros perfís administrativos.
- ✓ Tempos escasos de reflexión, intervención e supervisión.
- ✓ Decisións técnicas complexas baixo criterios técnicos pouco claros, non debatidos/compartidos no equipo e métodos non aplicados.
- ✓ Carencia ou deficiencia de espazos axeitados para intervención cos/as menores, adolescentes e familias.
- ✓ A falta de visión centrada no/a neno/a
- ✓ Trato pouco profesional cara os/as usuarios/as que ven vulnerados seus dereitos.
- ✓ Existencia de malas praxes non corrixidas ou non denunciadas, de ser necesario.
- ✓ Carencia de supervisión. Non existe o coidado do/a profesional.
- ✓ Toma de decisións sesgada ante a falta de visión integral do caso (colaboración de entidades terceiro sector nalgúns fases da intervención, IMELGA, EVOs....)

Estas deficiencias poden ser subsandadas coa implicación dos poderes públicos e dos/as profesionais que interveñen, polo que esta Comisión plantexa as seguintes **propostas de mellora:**

- ✓ Aproveitar ás traballadoras/es sociais dos SS.SS Comunitarios Básicos e dos Servizos de Protección da infancia para realizar un cambio real e sistemático para acadar, mediante BOAS PRÁCTICAS, un sistema exemplar na nosa CC.AA.

- ✓ Dotar e reforzar aos equipos con profesionais do eido social para poder cubrir a demanda e ofrecer unha atención de calidade, tanto nos SS.SS. Comunitarios como nos especializados.
- ✓ Ofertar formación especializada e formación continuada (novas formas de intervención, tipoloxías de familias, mediación, supervisión, apego, vínculos, emocións...)
- ✓ Distribuir de xeito equilibrado os casos. Ratios axeitadas.
- ✓ Axilizar as tramitacións e delegar no persoal administrativo estas funcións.
- ✓ Establecer tempos axeitados para cada intervención e caso, respetando a evolución individual de cada un.
- ✓ Apostar pola toma de decisións consensuada no equipo interdisciplinar, baixo criterios legais, técnicos e éticos, que procuren o INTERESE SUPERIOR DO/A MENOR.
- ✓ Dotar aos servizos de protección de espazos axeitados con lugares de confort e mobiliario de **acesibilidade e deseño universal** (ou para todas as persoas), tal e como ven recollido na nosa lexislación -Real Decreto 1/2013 sobre Discapacidade- para as intervencións cos/as menores, adolescentes e familias.
- ✓ Revisar e homoxeneizar as guías, protocolos e manuais.
- ✓ Garantir ás familias a información previa á intervención, sobre dereitos e deberes.
- ✓ Implantar sistemas de avaliación das intervencións con indicadores claros para evitar malas praxes.
- ✓ Introducir a figura do/a supervisor/a como parte dos equipos para fomentar o coidado do/a profesional, aportar unha visión externa na discusión dos casos e poder previr o desgaste e queime das/os profesionais.
- ✓ Orientar as políticas de infancia e familia tendo en conta as características dos territorios con plans específicos de atención e nivel municipal e autonómico.
- ✓ Apostar por un Sistema de Protección á infancia público, gratuíto e non externalizado.
- ✓ A creación dunha **Mesa de Coordinación de profesionais expertas** para elaborar unha estratexia de mellora para o Sistema de protección da infancia, adolescencia e familia para a Comunidade Autónoma.

- ✓ Apostar por un financiamento estable e seguro, regulado por Lei, para garantir a sostibilidade, estabilidade, calidade, eficacia e eficiencia do Sistema Público de Servizos Sociais.

3. POSICIONAMENTO DO COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

O **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia**, a través da súa Comisión de Infancia e Familia -integrada por traballadores/as sociais de distintos ámbitos de actuación- ven de crear un decálogo co fin de visibilizar as eivas detectadas na diagnose e así poder analizar cales son as propostas de mellora máis axeitadas.

O decálogo manifesta os seguintes puntos, sobre os que enfocar as **principais liñas de actuación**:

1. Unha ausencia de política clara de protección á infancia e á familia.

- ★ A ausencia dunha política clara de protección á infancia tradúcese na inexistencia de políticas favorecedoras á participación real d/ao menor e de defensa dos seus intereses. Fallan aspectos básicos en ámbitos como a saúde ou o educativo.
- ★ Falta unha política pública orientada ao cumprimento de dereitos da infancia e adolescencia.
- ★ Unha política necesariamente transversal e integral.
- ★ Capaz de incorporar na axenda pública plans específicos de políticas da infancia con avaliación rigorosa dos resultados obtidos.

2. Déficits moi graves na política social aplicada, con falta de procedementos, planificación e coordinación nos distintos niveis de intervención.

- ★ Debería existir unha auténtica coordinación entre as distintas administracións, aberta, apropiada e cooperativa, dende as intervencións de prevención, as de risco e negligencia, nas que todas aporten as funcións que lle son competentes. Existe deescordinación entre os distintos niveis de atención comunitaria básica e específica e especializada, así como outros sistemas de protección social.

- ★ Rexístrase unha duplicidade de atencións, sesgo nas intervencións e insuficiente enfoque interdisciplinar e transversal.
- ★ Os procedementos deben ser sinxelos, non burocratizados, nos que prime a humanización das persoas usuarias coas que se traballa dende o Traballo Social. Espazos, profesionais e intervencións que non acaben producindo o maltrato institucional ou vitimizacións secundarias.
- ★ Débese poñer fin ao criterio reinante de favorecer solucións para as dificultades e disputas das persoas adultas, nos conflitos nos que o/a neno/a se ve gravemente afectado/a. Arbítranse os conflitos de adultos/as no canto de protexer a menores e adolescentes.
- ★ As intervencións deben ter obxectivos claros e prefixados que se ben poidan flexibilizarse, deben ser coherentes e afíns ante situacións similares dos/as profesionais e que non varíen, dependendo do/a profesional ou equipo.

3. Asistencialismo que mantén á marxe a prevención e á intervención social no ámbito comunitario.

- ★ As atencións adoitan ser puntuais e emerxentes, sen unha política de prevención duradeira.
- ★ É preciso deixar atrás criterios obsoletos, non baseados en criterios científicos. Cómpre estar analizados na praxe profesional por profesionais recoñecidas do traballo social.
- ★ Cómpre atopar medidas preventivas ante as problemáticas que están a xurdir cos novos modelos de familias.
- ★ A intervención orientada na contorna comunitaria evita institucionalizacións e o deterioro da rede de apoio.
- ★ Urxe considerar o potencial dos servizos comunitarios básicos, creando equipos específicos de carácter multidisciplinar para traballar con infancia, adolescencia e familia, nas primeiras deteccións promovendo o mantemento no entorno familiar.
- ★ Cómpren equipos estables e especializados na administración autonómica con un perfil técnico competente e acorde ás situacións de nivel máis complexo co preventivo, ante situacións de negligencia, abandono ou medidas de distanciamento familiar.

4. Infradotación de recursos humanos e materiais con ratios insuficientes en perfís técnicos non especializados.

- ★ É importante que as e os profesionais do ámbito da infancia e familia conten con formación especializada e que as ratios sexan realistas ante un traballo complexo, que atende aos novos sistemas familiares.
- ★ Urxe tamén crear e traballar en manuais de boas prácticas con familia e infancia, que establezan contextos e marcos de actuación, así como comités de ética que supervisen as actuación neste eido.
- ★ Débense destacar as habilidades das e dos profesionais do sector, así como as súas cualidades, sempre respectando a súa impronta persoal e sen perder de vista os obxectivos compartidos polo equipo para tomar a mellor decisión cara ao/á menor e á familia no marco da intervención social.
- ★ Os espazos de atención á infancia deben ser axeitados para unha intervención acorde ás súas necesidades.

5. Desprevención e falta de intervención especializada no ámbito comunitario.

- ★ A prevención nos casos de infancia e familia deben ter resposta nos servizos comunitarios básicos-entrada- e nos específicos a través de equipos interdisciplinarios, que traballen a prevención e as situacións de risco.
- ★ É neste ámbito onde deberían atoparse o máximo das intervencións axeitadas para os/as menores, adolescentes e familias, sendo os que se elevan ao sistema de protección os casos máis graves, recoñecidos con situación de desamparo, tras ser imposibles outras alternativas propias do primeiro nivel.
- ★ Dotar de equipos e recursos neste senso supón unha mellor atención á infancia e á familia, así como que os casos que chegan ao sistema de protección necesiten de atencións e intervencións especializadas e medidas máis severas pola situación valorada.

6. Inexistencia de organización homoxénea e directrices unificadas para os equipos de protección das 4 provincias.

- ★ Se ben existen manuais e guías, protocolos e formatos, a maioría deles non se utilizan ou son pouco precisos e executivos.
- ★ Cómpre actualizar os protocolos de denuncia, notificación e derivación. Os criterios deben ser uniformes, recoñecidos polos/as profesionais de todos os niveis (social, xudicial, educativo, policial...) e contar cun formato sinxelo de derivación.
- ★ Urxe que, fóra da impronta persoal que cada profesional poida ter, eses criterios sexan irrefutables á hora de tomar as decisións que deben acordarse no equipo e non a nivel individual.

7. Non participación e non consideración da perspectiva do/a menor no proceso de intervención.

- ★ E imposible facer políticas, campañas, intervencións, accións comunitarias... sen ter en conta a presenza dos/as protagonistas principais.
- ★ Temos que aprender a escoitar aos/ás menores e adolescentes que atendemos dende un prisma máis limpo de todas as aprendizaxes que nos dá a experiencia.
- ★ Cada caso é único e diferente por moito que teñamos que enmarcalo dentro dun marco legal, nunha casuística de recursos e nun contexto institucional.
- ★ Buscamos o Interese Superior do/a Menor, e isto non se logra sen telo/a en conta, en toda e cada unha das decisións que lle afectan.

8. Proceso habitual de externalización dos servizos públicos, incumprindo as competencias en protección pública e dificultando o traballo de enfoque común e coordinado.

- ★ Detectamos un proceso habitual de externalización dos servizos públicos, incumprindo deste xeito as competencias en protección pública e dificultando o traballo de enfoque común e coordinado.
- ★ A administración pública ten a obriga de ocuparse das situacións de protección dos menores e adolescentes. É a súa responsabilidade, polo que dende os servizos comunitarios, no nivel máis básico, e dende os equipos de

protección/servizos especializados, a un nivel máis especializado, debe darse resposta áss situación que vaian xurdindo.

- ★ O apoio por parte de asociacións, ONGs, entidades do terceiro sector é recoñecido e valorado, como apoio a situacións existentes e ante a imposibilidade de poder chegar sempre a todo. Pero deberían ser situacións puntuais, e non a alta porcentaxe de casos que se derivan aos equipos externalizados que están facer a labor dos equipos especializados por non ter medios suficientes, sen entrar nas condicións laborais e funcións que asumen estos/as profesionais.

9. O alarmante estado de servizos e equipamentos na CC.AA.

- ★ Cómpre sinalar o alarmante estado de servizos e equipamentos, como os centros de protección ou reforma.
- ★ Trabállase dende as urxencias e non dende a prevención e o seguimento, o que leva a tomar decisións inmediatas, con pouco tempo de reflexión ou cun tempo de avaliación.
- ★ Ante situacións cronificadas nas que os/as menores e adolescentes xa pasaron por múltiples recursos a intervencións vólvese máis complexa polo proceso persoal, psicolóxico, familiar e social que ten interiorizado o/a menor, adolescentes obxecto da intervención.
- ★ A identificación do trauma complexo nos/nas menores e adolescentes cos que se traballa e que levan máis de dous anos no sistemas de protección débese valorar e ter en conta, por que de ser detectada debe traballarse terapéuticamente en coordinación co servizo de protección e as persoas que ostenten a garda do/a menor.
- ★ As instalacións son en moitas ocasións inaxeitadas para intervencións con menores e adolescentes. Isto súmase ás intervencións rápidas, ante a urxencia, quedando descoidada a intervención efectiva e idónea co/a menor e adolescente.
- ★ Os/as profesionais do traballo social vimos denunciando a importancia de evitar duplicidade de entrevistas ante unha situación xa recoñecida e valorada para evitar a vitimización secundaria e o maltrato institucional.

10. Inacción ante moitas situacións graves e urxentes por falta de recursos.

- ★ Logo da entrada en vigor da Lei Orgánica, o Colexio fai esta diagnose sobre os problemas que pode atopar no día a día.
- ★ É precisa a rotación dos equipos ante a desmotivación para que non se produza o síndrome do/a queimado/a no profesional e ofrecer intervencións de calidade.
- ★ Non se deben normalizar situacións de desprotección porque temos visto “ cousas peores”. Non é unha forma de intervención mínima, é unha irresponsabilidade cara o interese superior do/a menor.
- ★ Existe un alto volume de contratos temporais, discontinuidade dos equipos, equipos pouco coidados. Todo isto desenvolve un traballo pouco efectivo e causa inacción para casos que precisan de profesionais de referencia máis a medio-longo prazo.

Do mesmo xeito e cunha mirada positiva, esta Comisión propón as seguintes **boas prácticas** para a mellora deste Sistema e a súa visibilización:

1. Na protección á infancia, a coordinación entre profesionais e as boas prácticas son a base para intervencións máis idóneas co fin do interese superior do/a menor.
2. A participación infantil na toma de decisións faina protagonista da súa vida e historia persoal, sendo fundamental e debendo ser fomentado polos Sistemas de Protección á Infancia.
3. O interese superior do/a menor non son palabras baleiras, son o principio e o obxectivo final das nosas intervencións.
4. A protección á infancia, empeza ca prevención e polo tanto coa intervención dos Servizos Sociais Comunitarios ante as situacións de risco.
5. Os equipos de protección da infancia teñen unha estrutura interdisciplinar, toman decisións protectoras ante a situacións de desamparo e non deben perder o obxecto da súa intervención: o/a menor, adolescente e de forma paralela a familia.
6. Os equipos de protección son un conxunto de profesionais especializados/as que protexe á infancia ante situacións que lles afectan a nivel económico, de

saúde física, mental, abuso, maltrato, ou aqueles que impidan o seu acceso a educación ou desenvolvemento persoal.

7. Apostar pola vida plena e o alcance do máximo benestar no seu fogar e coas súas familias de orixe, excepto naqueles casos nos que sexa imposible de acadar e haxa que tomar as medidas necesarias para a súa protección.
8. A protección á infancia debe velar e garantir que nenas, nenos e adolescentes, teñan un desenvolvemento axeitado no seu entorno que promova un favorable crecemento integral.
9. Sexamos seguidores-*followers*- de Agatha Christie, cando di “*unha das cousas máis afortunadas que che pode suceder na vida é ter unha infancia feliz*”.
10. Promover o HASHTAG de promoción a infancia tal e como se fai noutros colectivos ou os recentemente creados e estreados por este colexio profesional:
#comisiondeinfanciaefamilia#traballosocial#proteccionainfancia#benestardomenor.

Por todo o exposto, **SOLICITAMOS** que dende as Consellerías competentes da Xunta de Galicia:

- Procedan á **modificación urxente da Lei 3/2011, de 30 de xuño de apoio á familia e convivencia de Galicia** en adaptación á nova Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia.
- Se procedan a **ter en conta todas as dificultades observadas e as propostas realizadas por este Colexio Profesional** para promover a adopción das medidas pertinentes para comezar a deseñar as políticas de protección da infancia, adolescencia e familia e de reorganización do presente e do futuro do Sistema de Protección Galego a partir desta oportunidade de cambio.

Comisión de Infancia e Familia do COTSG